



## RECURSO: DINÁMICAS PARA SORTEAR EQUIPOS



### Obxectivos

- Incentivar o uso da lingua galega nas actividades lúdicas.
- Relacionar a práctica do deporte co uso do galego.
- Favorecer o coñecemento e uso de cancións para as dinámicas para sortear equipos.



### Recitados

Dediño, dediño,  
do teu burriño,  
cando o rei  
por aquí pasou,  
todas as aves  
convidou.  
Só unha quedou  
Merlo, merlo,  
vaite deitar,  
ás portiñas  
de San Xoán.  
Cae a mesa,  
cae a artesa,  
cae o rei  
coa súa grandeza.  
Tece, tece, gabián  
cantas patas ten un can?

Pinto, pinto,  
ponte de quinto,  
teño unha vaca  
e non che minto.  
Teño un boi  
que sabe arar;  
que lle gusta  
empachar;  
unha ovella  
que xa é  
moi vella.  
Se algún te asusta  
a túa cara  
non me gusta.



### Máis información

Podes atopar máis recitados en: <http://www.orellapendella.org/xogos>